

ACHEGAMENTO DESDE A FILOSOFÍA POLÍTICA AO TEATRO DE RICARDO CARVALHO CALERO: A PEZA “OS XEFES”

MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ QUINTANAR

PRESENTACIÓN

No ano 1980 Ricardo Carvalho Calero escribe a peza de teatro *Os Xefes: drama en tres actos*¹.

O acto I (*Ibid.*, pp. 411-418) ten lugar no despacho do Xeneral Brandariz, no Cuartel Xeral das forzas militares que sitian Gaibor, capital de Gurlandia, na hora do solpor. O xeneral Braña é o líder militar dos que cercan a capital. Neste acto sucédense varias conversas: os xenerais da Plana Maior do exército de Braña charlan entre eles sobre diversos aspectos militares e políticos do asedio; o xeneral Braña dá ordes militares concretas aos seus xenerais; o Ministro de Información responde preguntas de cinco xornalistas (dúas mulleres e tres homes).

O acto II (*Ibid.*, pp. 418-425) desenvólvese no despacho do Xeneral Bravo, no Cuartel Xeral das forzas que defenden Gaibor, tamén na hora do solpor. O Xeneral Dragón é o líder militar do exército. Sucédense varias conversas: os xenerais da Plana Maior intercambian impresións sobre as condicións, natureza e función do liderado militar; a xornalista Lucía Reali, en calidade de representante dos seus colegas xornalistas e que, ademais, vén de entrevistar ao Ministro de Información do bando contrario, entrevista á Ministra de Propaganda; o líder militar, Xeneral Dragón, e o xeneral Bravo manteñen unha charla centrada en cuestións de táctica militar.

O acto III (*Ibid.*, pp. 425-433) transcorre no despacho da Embaixada de Dilándia, na capital Gaibor. Un diplomático e a secretaria da embaixada fornecen os elementos físicos para que se celebre unha entrevista, con vistas a asinar un armisticio, entre os líderes dos bandos enfrontados: o Xeneral Braña, xefe dos asediadores, e o Xeneral Dragón, xefe dos asediados. A condición neutral do espazo, ou extraterritorialidade da embaixada, proporciona unha simetría legal a ambos os dous contendentes: son visitantes acollidos grazas á hospitalidade dun terceiro. A conversa entre os xenerais acontece durante unhas horas de tregua, e

¹ Carvalho Calero, Ricardo: *Obra literaria: poesía, teatro e narrativa*, Biblos, A Coruña, 2021, pp. 410-433.



xira arredor da análise dos elementos tácticos e militares que compoñen o enfrontamento. Cada un contéplase a si mesmo como vencedor. Xa que logo, os xenerais ofértanse, reciprocamente, unha rendición que, en coherencia, ningún acepta. Deciden continuar a discusión cos canóns. Con todo, sobre o fondo dunha reflexión común compartida de ideas políticas, e da acción (na) política, pactan que o vencedor da guerra eliminará aos elementos radicais, extremistas, do seu bando. Velaquí a vitoria común para ambos os dous. Rematada a conversa, os xenerais despídense, volven ás súas tarefas militares. A guerra continúa.

O noso achegamento a esta peza de teatro pretende mostrar a posibilidade, ou non, dunha interpretación en clave de filosofía política coa detección de tres niveis, ou capas, da acción política que coñecía Carvalho Calero desde os seus tempos novos². Cales? A política concibida como propaganda, máquina (bélica), fundación (dunha comunidade liberal). Vexámolas.

POLÍTICA: PROPAGANDA

A primeira capa da acción política é propaganda. Como presenta Carvalho o funcionamento desta capa ou esfera da acción política? A través de dúas entrevistas a responsábeis gobernamentais. Un grupo de xornalistas entrevista ao Ministro de Información das forzas asediadoras da capital do país e unha xornalista entrevista á Ministra de Propaganda das forzas asediadas.

O Ministro de Información das forzas que sitian a capital de Gurlandia responde varias preguntas nunha rolda de prensa ante xornalistas estranxeiros. Na resposta á xornalista Albertina Ferreira, a estratexia de resposta inclúe varios elementos. O primeiro é psico-sociolóxico: transmitir con claridade o optimismo militar, un feixe de azos na fe da vitoria (cf. Carvalho Calero, op. cit., p. 414). O segundo é semiótico: marcar e nomear ao duplo inimigo. Un inimigo interior (con diversos nomes: “forzas antinacionais”, “forzas revolucionarias”) e un inimigo exterior (que cobra o nome de “inimigos inveterados da nosa prosperidade”, “destrutores da orde social”, “eternos adversarios da relixión e da moral dos nosos antergos”) (*Idem*). O terceiro elemento é narrativo: facer do país que defenden (Gurlandia) e dos seus valores, unha “nación gloriosa” (*Idem*). O cuarto compoñente é histórico-militar: mostrar o exército como “encarnación das virtudes tradicionais do pobo gurlandés” (*Idem*). O quinto é político: o outro, o goberno do inimigo, só ten unha política real e posíbel. Cal? O “terror” (*Ibid.*, p. 415).

Na resposta á xornalista Lucia Reali, o Ministro de Información mostra os compoñentes da narrativa que lexitima a acción política. O levantamento en

² Para a vida e obra de Ricardo Carvalho Calero, cf. Tareixa Roca “Momentos de vida” en Soto, Luís G. & Roca, Tareixa: *Carvalho sempre. Alustres de vida e obra*, Espiral Maior, A Coruña, 2020, pp. 15-33.



armas contra o goberno ten por causa a situación socio-política de previa “anarquía” (*Idem*) e falta de lexitimidade dun goberno que segue as directrices dun Partido (PRP), non do pobo. Pola contra, as accións das forzas que sitian a capital axústanse á lei, as sentenzas ditadas en consello de guerra acomódanse á normativa vixente, as relacións na guerra descansan no dereito internacional (dereito de xentes) (cf. Carvalho Calero, op. cit., p. 415).

A resposta ao xornalista John Smith céntrase en manifestar de forma ostensible o liderado xerárquico do Xeneral en Xefe.

A resposta ao xornalista Alfred Schmidt é unha aclaración sobre a administración de xustiza na petición de responsabilidades a dirixentes civís e militares das forzas vencidas. A resposta é contundente: son “prisioneiros de guerra”, aplicaráselles a “lei pertinente” (*Ibid.*, p. 416).

A resposta ao xornalista Pierre Dupont sitúase no plano moral. Primeiro, deixa clara a superioridade moral (“forza moral”) do bando sublevado (*Idem*) e a falta de moralidade do exército contrario (composto por unha mestura de elementos heteroxéneos: “soldados que combaten contra a súa vontade”, “milicias revolucionarias indisciplinadas”, “mercenarios estranxeiros”) (*Ibid.*, p. 417). En segundo lugar, fai patente que non negociarán ningún tipo de acordo (“non necesitamos negociar”, “nunca negociaremos”) (*Idem*). Por que? Representan a “tradición cristiá” fronte o ateísmo, “o culto da patria” e “honor militar” fronte á indisciplina, as “virtudes familiares” fronte á disolución da familia (*Idem*). Tamén hai un elemento importante, formulado en negativo: loitan contra “a destrución da propiedade” (con todo, non a defenden explicitamente) (*Idem*). Por último, emprega de novo a semiótica da identificación: dun lado están os “guerreiros de Cristo”, do outro “bandas de asasinós” (*Idem*). Velaquí as razóns do pacto impoñíbel e da inevitábel vitoria.

No caso das forzas sitiadas, hai dúas protagonistas que buscan satisfacer a atención do público interesado no curso da guerra e a acción política: a Ministra de Propaganda e a xornalista Lucía Reali. A estratexia da Ministra de Propaganda é a seguinte.

No plano militar hai fe absoluta na vitoria final e unha exaltación das “reservas logísticas inesgotábeis” (*Ibid.*, p. 421). No plano semiótico os inimigos son marcados e nomeados coas varias rúbricas: “forzas facciosas”, “rebeldes”, “traidores”, “subversión reaccionaria”, “insurgentes”, “elementos hostís”, “grupos facciosos”, “enemigos do pobo” (*Ibid.*, pp. 421-423). Tamén noméase o propio bando: “o noso exército, que é o pobo en armas”, poboación civil armada que “arde en entusiasmo”, “pobo que está disposto a morrer antes que a render-se” (*Ibid.*, p. 421). No plano político é incuestionábel o liderado do Xeneral Dragón, posuidor do poder político e militar: “un génio militar que se está revelando asemade como un génio político” (*Ibid.*, p. 423). No plano da organización governamental relata



como o Consello do Pobo (órgano revolucionario no que o Presidente resignou os seus poderes) designou un goberno revolucionario e un Comandante en xefe (o Goberno concentra todas as forzas progresivas do país, sendo unha delas o Partido Revolucionario do Pobo) (cf. Carvalho Calero, op. cit., p. 422). No plano da administración de xustiza, o goberno executará, durante a guerra, xuízos segundo a lei e, despois de gañar a guerra, eliminará privilexios das clases dominantes antes da guerra (esta administración de xustiza será xusta porque se aterá ás “convencións internacionais” e “leis da nación”) (*Ibid.*, p. 423). Por último, no plano moral, a paz non pode ser negociada (cf. Carvalho Calero, op. cit., p. 423).

En 1928 Edward Bernays, inventor da teoría da propaganda e das relacións públicas, dá unha definición acaída á acción dos axentes de propaganda da peza de Carvalho: “A propaganda é o mecanismo polo cal se diseminan as ideas a grande escala, no sentido amplo dun proxecto organizado para estender unha crenza ou unha doutrina particular”³. A propaganda “é brazo executor do goberno invisíbel” (Bernays, op. cit., p. 28). Bernays engade: “a propaganda moderna é o intento consecutivo e duradeiro de crear ou dar forma aos acontecementos co obxectivo de influír sobre as relacións do público cunha empresa, idea ou grupo” (*Ibid.*, p. 33).

Desde a perspectiva das definicións de Bernays, ambos os dous bandos empregan a propaganda. A súa acción política é aparentemente diferente, mais só en aparencia. Destacan varios trazos compartidos.

En primeiro lugar, segundo Bernays “o importante é que a propaganda é universal e continua, e que se salda coa imposición dunha disciplina na mente pública tanto como un exército impón a disciplina nos corpos dos seus soldados” (*Ibid.*, p. 34). A ineludíbel aprobación do pobo, ou da cidadanía, é condición necesaria, non suficiente, para calquera proxecto político. Un movemento pode fracasar se non logra imprimir a súa imaxe (proxecto, obxectivos, medios, tamén linguaxe, narrativa, semiótica e simbolismo) no imaxinario colectivo. A propaganda é a ferramenta máis eficaz na busca do apoio, lealdade e submisión popular. Ferramenta que pode converterse en acción política exclusiva, sen complemento de ningunha especie.

En segundo lugar, a propaganda non só se ocupa do individuo ou da mente colectiva, senón, sobre todo, da estrutura ou articulación da sociedade, inzada de formacións, agrupacións e lealdades entrecruzadas. Concibe o individuo como unha célula organizada na unidade social: é suficiente con tocar unha fibra no punto sensíbel para obter unha resposta inmediata de certos membros específicos do organismo (cf. Bernays, op. cit., p. 38).

³ Bernays, Edward: *Propaganda*, Melusina, Barcelona, 2008, pp. 28-29.



En terceiro lugar, a propaganda adoita empregar sempre a mesma disposición no seu traballo. Primeiro, análise do problema político e posibilidades de aceptación do proxecto para resolver o problema. Segundo, análise do pobo e líderes dos grupos sociais, económicos, xeográficos, de idade, grupos definidos pola doutrina, a lingua ou a cultura, entre outros. Terceiro, recompilación dos datos das análises e formulación de estratexias políticas. Cuarto, execución e avaliación continua (cf. Bernays, op. cit., pp. 53-54).

En cuarto lugar, o uso da semiótica, das narrativas e da moral, diríxese ás características mentais do grupo, non do individuo. O grupo posúe características mentais distintas do individuo, está motivado por impulsos e emocións que rebordan o individual. A propaganda trata ao humano como un ser gregario cuxo comportamento, encadrado en patróns de comprensión e resposta, non xorde do pensamento senón dun feixe de impulsos, hábitos e emocións. No relativo ás decisións, o primeiro impulso do humano é seguir o exemplo dun líder de confianza. Este é un dos principios máis sólidos da psicoloxía de masas (cf. Bernays, op. cit., pp. 64-65). O segundo principio é que os humanos non adoitan decatarse das razóns que motivan as súas accións. Engáñanse a si mesmos, adoptan rutinas e estereotipias, actúan por imitación subconsciente, prolongan actos e desexos de outros que supoñen triunfadores, por exemplo. Para a propaganda non é suficiente con entender a estrutura mecánica da sociedade, os agrupamentos, as fracturas e lealdades. Para a acción propagandística é letal non entender os desexos que fan funcionar a máquina social. Xa que logo a boa propaganda é a que crea as circunstancias adecuadas para cambiar as correntes emocionais de tal maneira que o pobo se vexa premido a continuar, prolongar, transformar, calquera tipo de acción. A política concibida como propaganda crea as circunstancias que deberán modificar o hábito (cf. Bernays, op. cit., pp. 70-71).

En quinto lugar, a propaganda debe executar dúas operacións: interpretación continua e dramatización por medio do subliñado. É posíbel poñelas en práctica, alternativa ou simultaneamente. A interpretación continua pode lograrse intentando controlar calquera aproximación á mente do pobo de maneira que a xente reciba a impresión desexada, a miúdo sen decatarse disto. O subliñado captura con viveza a atención do pobo para fixala nalgún detalle ou aspecto que sexa emblemático do proxecto político no seu conxunto (cf. Bernays, op. cit., p. 88).

En sexto e último lugar, está o papel do liderado político. O líder está na obriga de apelar ás emocións do público de tal modo que a mensaxe emocional debe coincidir co seu proxecto, adaptarse aos grupos aos que se dirixe, axustarse aos medios técnicos de distribución e circulación de ideas-forza, emocións e consignas (cf. Bernays, op. cit., p. 125). O elemento intanxíbel da personalidade do líder debe abranguer unha diversidade de grupos sociais con cadanseus intereses. O líder é un creador de circunstancias nas que a súa posición e proxecto se



escenifican de tal maneira que resultan os únicos posibles (cf. Bernays, op. cit., p. 132). Son as tres claves de bóveda da disciplina dun corpo político: creación de circunstancias, escenificación, proxecto (cf. Bernays, op. cit., p. 142).

POLÍTICA: MÁQUINA BÉLICA

A segunda capa política, ou da acción política, é administración. Pode materializarse como partido, estado ou para-estado. Funciona dun xeito implacábel: os protagonistas non poden con ela, non controlan o seu funcionamento. Son incapaces de dominala e dirixila. O Xeneral Braña considérase o seu “escravo”, e o Xeneral Dragón é consciente de vivir preso na súa “demagogía negra” (Carvalho Calero, op. cit., p. 430). Tén un grao de autonomía funcional que a converte nunha especie de máquina bélica soberana cuxa finalidade é a dominación, que os protagonistas denominan “vitória” (*Idem*). Con todo, non é un simple aparello de propaganda. É unha rede sistémica complexa, un arranxo burocrático, administrativo e de comisariado con dous eixos. O primeiro é “aniquilar” o adversario (“a miña dereita quer aniquilar a tua esquerda”, “a miña esquerda quer aniquilar a tua dereita”) (*Idem*). O segundo eixo é extremar sempre a propia posición porque moderar a propia posición é traizón (“a moderación non oficia na litúrgia da guerra”) (*Idem*). Os representantes desta máquina bélica son o “Partido Revolucionario do Pobo” (apoio do Xeneral Dragón) e a “Forza Patriótica Nacional” (apoio do Xeneral Braña) (*Idem*). Compoñen dous arranxos espazo-temporais dunha máquina cuxo funcionamento é fatal, intemporal: un ángulo representa a execución de ordes que ignoran a economía, poboación, civilización; o outro lado representa os mandatos sacrificiais en nome dunha utopía furiosa (cf. Carvalho Calero, op. cit., pp. 430-431). A conclusión do diálogo entre os xenerais é que, en realidade, eles non guerrean entre si. Mais ben son dúas encarnacións dunha única maquinaria enfrontada no mesmo e no outro, o dentro e fóra: dous partidos, no plano político; fanatismo e utopismo no ámbito moral. É unha máquina inexorábel cuxo funcionamento se basea en dous pivotes: consignas e axiomas. Para describilos pode ser útil recorrer á filosofía de Gilles Deleuze e Félix Guattari⁴.

Que é un consigna? Segundo Deleuze e Guattari, a sentenza dun maxistrado transforma un acusado en condenado a través dun acto instantáneo, ou un atributo incorporal, expresado na sentenza. Un decreto gobernamental establece o estado de guerra nunha transformación incorporal e instantánea na poboación. Un secuestro aéreo transforma aos pasaxeiros en reféns e o avión nunha prisión. Unha declaración de cidadanía converte unha masa de poboación nun conxun-

⁴ Cf. Deleuze, Gilles & Guattari, Félix: *Mille Plateaux. Capitalisme et Schizophrénie II*, Minuit, Paris, 1980, pp. 102-105.



to de suxeitos de, e con, dereitos e obrigas (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., pp. 102-103). Con todo, calquera acto puro, signo ou proceso semiótico, non é válido *per se* para efectuar transformacións incorporais nos corpos. Necesita un procedemento de validación. Unha simple palabra non é inmediata, e instantaneamente, unha enunciación. Un bromista, un neno, un cómico, non poden “ditar sentenza”, “decretar a guerra”, “anunciar un secuestro”, “declarar a cidadanía”, seguindo os casos anteditos. O factor que converte unha simple enunciación nun marcador de dominación é a consigna (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., p. 105).

Seguindo a Deleuze e Guattari, a consigna designa as relacións instantáneas entre os enunciados e os atributos incorporais que expresan. A instantaneidade da consigna proporciónalle unha asombrosa potencia de variación en relación cos corpos das poboacións aos que as transformacións se atribúen. A consigna non é un simple imperativo. É a relación de calquera palabra, ou enunciado, cos seus presupostos implícitos, isto é, os actos de fala, as circunstancias que a máquina performativa é capaz de crear. As consignas non remiten a ordes ou mandatos, senón a todos os actos relacionados con enunciados por unha circunstancia creada (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., p. 100). Por exemplo, a abella non ten unha linguaxe. Aínda que é capaz de comunicar o que viu, é incapaz de transmitir o que lle comunicaron. A abella que percibiu un “botín” pode comunicar a mensaxe a outras que non o percibiron. Mais, a que non o percibiu non pode transmitirlo a outras que tampouco o percibiron. Por iso a linguaxe non se contenta con ir dun primeiro a un segundo, isto é, de alguén que viu a alguén que non viu. Vai, necesariamente, dun segundo a un terceiro que non viron nada (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., p. 97). A linguaxe non se establece entre algo visto (ou sentido) e algo dito (ou expresado). Funciona, máis ben, entre algo dito e algo que se di. A linguaxe é transmisión de palabras, enunciados, que operan como consignas, non son comunicacións. A linguaxe é un mapa semiótico, non un calco do real (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., pp. 97-100).

Prolongando a reflexión de Deleuze e Guattari, a linguaxe administrativa e/ou partidaria, estatal e para-estatal, non é informativa, comunicativa. Non ten como función a comunicación dunha información, polo menos non única nin principalmente. É, prioritariamente, transmisión de consignas, non de signos de información. Ten un funcionamento non comunicativo, non deliberativo. A máquina bélica, ou administrativa, tira proveito desta función da linguaxe. Por exemplo, hai unha consigna clave para unha máquina bélica: “calquera acción debe someterse a un cálculo de éxito na dominación”. Persegue a máxima perfección posíbel mercé ao cálculo. A acción na política concibida como máquina bélica abandona os referentes da xustiza, igualdade, liberdade. Mide a súa eficacia segundo a redución progresiva da inseguridade, a extensión da súa hexemonía a todo o campo do social e o logro de obxectivos programados.



O segundo elemento da máquina bélica son os axiomas. Nesta modalidade de acción política hai un incesante entrar e saír de axiomas. Que é un axioma? Deleuze e Guattari explican que no pensamento científico unha axiomática non é só unha potencia dedutiva, rutineira, oposta á experimentación, creatividade. Non está dada dunha vez por todas e para sempre como, por exemplo, a xeometría de Euclides. Funciona por tenteos, experimentacións, modos de intuición propios (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., pp. 576-577). A axiomática non é unha máquina técnica, automática ou cibernética, un xogo mecánico de fórmulas illadas. É un exercicio que rexeita, ou fai medrar, os seus límites, engade axiomas impedindo que o sistema se sature. Ademais, ten a capacidade de repararse a si mesma.

A acción política concibida como máquina bélica exerce o axiomaticismo: regula e dá resposta aos seus fallos, vixía e dirixe os procesos de saturación, calibra e orienta ampliacións liminares. A axiomática encóntrase, ás veces, con proposicións indecidiúbeis ou potencias imposíbeis de dominar (por exemplo, enunciados contraditorios igualmente indemostrábeis).

Os axiomas da acción política maquínica non son proposicións teóricas ou formulacións ideolóxicas. Son enunciados operacionais que constitúen a forma semiolóxica do campo político. Entran como pezas nos arranxos, composicións de produción, circulación e consumo. Deste xeito, calquera novidade, acontecer, suceder, captúrase na rede axiomática (cf. Deleuze & Guattari, op. cit., pp. 577-591). A axiomática non se interrompe xamais. É dinámica, procesual, non permanece inmutábel. Na peza de Carvalho aparecen varios axiomas.

1º) Axioma de saturación. Formulación: é preciso enfrontarse aos límites propios e, ao mesmo tempo, desprazalos sen cesar para situalos máis lonxe. Os límites son tácticos, móbiles, carecen de significado, son puros signos baleiros, mais operacionais. Por outras palabras, o extremo debe extremarse, o radical radicalizarse. O fóra da liña extrema, radical, é traizón. A traizón pode concibirse, desde o fóra estático, como moderación, equidistancia, indiferenza, oposición. Mais, desde o dentro móbil, é inequívoca felonía.

2º) Axioma de adxunción e invención. Formulación: é preciso engadir, multiplicar e inventar axiomas para capturar novos fluxos segundo avanza a loita política, guerra militar, antagonismo social. Signos, ideas, símbolos, tamén novas franxas de idade, de poboación, grupos sociais, deben capturarse e recodificarse. Hai que convertelos en enunciados operacionais, efectivos, identificábeis para a máquina partidaria, rendíbeis nas readaptacións sistémicas dos partidos, estados ou para-estados.

3º) Axioma das minorías numerábeis e o indecidiúbel. Ante a existencia de grupos sociais minoritarios é preciso engadir axiomas á axiomática e converter estes grupos en numerábeis. O axioma do indecidiúbel marca a coexistencia (axiomática) do que captura a axiomática e do que se lle escapa O axioma do indecidiúbel



sinala o lugar máis perigoso para a supervivencia da axiomática: sobresaturarse (e, xa que logo, desaparecer) ou autolimitarse (e arriscarse a desaparecer). Aquí xorde a necesidade de mutación incesante da axiomática.

Certamente hai máis axiomas. O relevante é deixar constancia da súa existencia. A oposición teórica, con efectos políticos, mais no plano das aparencias, establécese entre dous partidos opostos, ou entre elites e pobo. Mais no plano do real acontece entre fluxos codificados (tal como entran nunha axiomática maquina) e fluxos descodificados (liberados ou en transo de liberarse desta axiomática).

POLÍTICA: FUNDACIÓN, COMUNIDADE LIBERAL

Os xefes, isto é, os xenerais, nun intento de frear a guerra acordan un armisticio precario para realizar unha entrevista na Embaixada de Dilándia en Gaibor, a capital sitiada. É o Acto III. Falan, expoñen as súas razóns. Intentan convencer ao outro do fútil dos seus esforzos militares. Ofértanse mutuamente unha honrosa rendición. Non chegan a un acordo militar porque ningún dos dous quere renderse. Con todo, o feito de estar xuntos, sos, abre a porta a unha meditación conxunta. Así, reflexionan. Que queren en realidade? Por que loitan? Ambos os dous queren que gañe a nación, o país, isto é, o pobo. Non poden deter a guerra, mais poden acordar que quen gañe a guerra debe eliminar o seu propio extremo. Para que? Para lograr fundar algo novo. Que? A política, o espazo-tempo político. Nin prepolítica (propaganda), nin pospolítica (máquina bélica): a convivencia dunha nación lógrase na, e pola, política. Isto é, pola conxura das “forzas irresistíbeis, cegas, inhumanas, ou demasiado humanas” que forzan a loitar (Carvalho Calero, op. cit., p. 432). Por outras palabras, a convivencia ten como condición necesaria a fundación dunha comunidade liberal.

Os dous xefes son fundadores da política e da acción política: expresan e comparten os alicerces da convivencia nunha nación, en calquera país. Son símbolo, isto é, as dúas metades, do poder constituínte: “ti e máis eu somos o mesmo” (*Idem*). Un símbolo que, para materializarse na paz que é política, debe conxurar os extremos cualificados como “o cóncavo e o convexo, as dúas metades da esfera contrafeita, da esfera perversa, do irracional (...)” (*Idem*). Se empregamos un concepto político procedente da tradición filosófica do republicanismo falaremos de que está en xogo o poder constituínte. Este poder constituínte opera cun duplo movemento: dá forza de lexitimidade ao dereito, e asenta un fundamento racional a unha orde xurídica que o pobo debe axudar a conformar e aceptar no seu funcionamento⁵. O poder constituínte, simbolizado cos e nos xefes, é o axente

⁵ Cf. Martínez Quintanar, Miguel Ángel: *Ciudadanías. Lecturas e meditacións de filosofía política*, Espiral Maior, A Coruña, 2019, pp. 69-72.



e autor real da participación do corpo político. É a instancia que sostén a ideación, formación e institucionalización das regras de xogo de si mesmo e para si mesmo. Debuxa un horizonte parabólico: ten forma literaria de parábola (relato con lección e/ou fundamento moral) e figura xeométrica de parábola (líña curva) na que cada un dos extremos está situado a igual distancia dun punto fixo. Sen a existencia deste horizonte parabólico, comunicativo, que establece un dentro (paz) e fóra (guerra), ninguén pode dicir que contribuíu, en realidade e liberdade, a formar a lei que el mesmo obedece.

Non obstante, a noción filosófica de poder constituínte non é evidente. Pode concibirse como un contrafáctico, isto é, un concepto especulativo da filosofía política. Xa que logo, irreal, froito dunha metodoloxía que mestura un tipo de positivismo e idealismo que procuran un suxeito político virtual, portador de poderes inéditos, especie de ente metafísico real só para quen está autorizado a escoitar unha mensaxe inaudíbel para a maioría. Mais, non semella que en Carvalho sexa así.

O característico dun auténtico poder constituído, tal como o entenden os xefes, isto é, os xenerais, é que non pecha a abertura ao poder constituínte como último referente, fundador racional de normas legais (aínda que sexa vago, fuxidío). O que entrega credibilidade e fiabilidade a unha orde, isto é, a paz, é que se produce de tal maneira que se manteñen os procedementos legais e racionais para a formación da lei, se respecta a súa dependencia e sometemento á lei emanada do poder constituínte. A referencia ao poder constituínte outorga lexitimidade á interferencia que, deste modo, aparece, aos ollos da cidadanía constituída, xusta e motivada. Xa que logo, o poder constituínte é o pobo no momento normativo básico da política, non da prepolítica nin da pospolítica. É a vontade xeral de Rousseau? Quizais. Sen este momento non hai definición de lexitimidade, contidos con lexitimidade. O problema que hai que resolver na práctica, con institucións e regulamentos, é como materializalo en cada caso, en cada sociedade. Hai que inventar institucións que, nas palabras dos xefes, encarnen e promovan valores como “a nación, a tradición, o progreso, o exército, o honor, a liberdade, o patriotismo, todo o que aos dous nos é querido, todo o que é común aos dous” (*Ibid.*, 431).

Outro asunto que aparece no diálogo entre os xefes é a constitución dun espazo-tempo especificamente político: unha actividade pública na que non hai lugar para bandas, faccións, partidos, grupos de presión na/da política, extremismos e radicalismos. É o problema filosófico da universalidade do corpo político. Certamente, para os xefes o poder constituínte obriga a mediar todas as crenzas persoais en valores sociais comunmente aceptados e calquera aprobación política en razóns que teñen en conta o mellor para a totalidade do corpo político. A maioría non pode actuar como unha facción. Como é posíbel? A acción política



pode concibirse como acción pola que as persoas se tornan capaces de erguerse desde os seus intereses persoais ao interese do suxeito colectivo que, queiran ou non, son. Porén, esta universalidade do corpo político abre a outro problema: o disenso. Como articulalo? Cando os xenerais declaran “temos o mesmo programa de centro” (*Ibid.*, p. 430): artellan a aniquilación do disenso, da discrepancia, do conflito político como dinamismo da comunidade liberal? Non. Por que?

Os xefes autoconcíbense como “as dúas metades da esfera” (*Ibid.*, p. 431). Entenden que o xusto equilibrio de poderes nunha nación ten como referente a universalidade do corpo político. Non é un xogo faccioso de presións por parte de grupos e bandas, bloques e seitas. O xusto equilibrio de poderes implica a todo o pobo. En que lugar? Nas institucións. Como? Precisamente esta é a cerna da actividade política: o desenvolvemento institucional. Calquera proposta ampara, ou tutela, unha aspiración de universalidade que non debe quedar afogada nunha loita local contra regulamentos e normativas que consideran arbitrarios. De acontecer deste xeito, a linguaxe política que fala o pobo fica rota, distribuída en cotas de poder, presións corporativas, que conducen a unha sociedade neo-estamental, pro-feudal, pre-democrática ou pos-democrática. Non obstante, a totalidade sempre está por constituír nas institucións, móbiles e xeracionais de seu. Evitar a guerra, promover a paz: velaquí o miolo das institucións políticas.

Calquera vindicación de emancipación debe pasar pola peneira da persuasión comunicativa, non estratéxica, ao pobo no seu conxunto. Debe servir para unilo e, dese modo, esta pode prestarlle lexitimidade. Rachar o tecido social coas reivindicacións de agrupacións damnificadas, incapaces de falar a linguaxe da universalidade política, que reclaman poder para formas de vida privadas, seitarias, facciosas, que non soportan a proba da universalidade, é unha realidade de fragmentación social que, inevitabelmente, pode conducir á frustración e ao colapso social, tal como o retratan os xefes.

CONCLUSIÓN PROVISIONAIS

A peza *Os Xefes* de Carvalho Calero diseña os elementos basilares dunha reflexión política, mellor dito, unha filosofía política na que aparecen os retratos da pre-política (propaganda), pos-política (máquina bélica, partido, estado, para-estado) e política (fundación dunha comunidade liberal). Cada capa da acción política está debuxada en diálogos finos, escrupulosos, axeitados á capacidade oratoria e erística de cada personaxe. Tamén, como en filigrana, no esquematismo do seu funcionamento. A experiencia que Carvalho tivo na política real (como galeguista, republicano, activista), o seu itinerario político desde a participación na elaboración do primeiro Estatuto para Galiza, é unha chave que facilita unha interpretación sosegada desta peza. Que interpretación?



A política é un espazo-tempo institucional que os xefes pretenden fundar. Non ten a súa xénese nunha suma de forzas e presións mecánicas, cegas, incontrolábeis. Non se basea no poder da violencia física, ideolóxica, simbólica. Non se apoia no reparto de cotas segundo influencias, intereses, coaccións. Ancórase nunha forma de argumentar que aspira a convencer, ou polo menos a lograr asentimento da polifonía de voces que compoñen as sociedades sobre un fondo común compartido (axiolóxico, cultural, histórico). Este fondo común compartido é o que, malia a complexidade e dificultade das relacións interpersoais, debe prevalecer.

Non obstante, un problema de filosofía política fica sen resolver na peza de Carvalho. A forma de argumentar dos xefes, sendo política, aínda é elemental, case castrense. Precisa do complemento dunha meditación sobre a autoridade, un concepto de autoridade que, por certo, os xefes tamén encarnan. Como realizar o paso do poder constituínte ao poder constituído? Como facelo desde un punto de vista republicano democrático? Que papel xoga a autoridade na fundación? Quizais hai que acudir a outros textos de Carvalho en busca de novas pistas.

BIBLIOGRAFÍA

Bernays, Edward: *Propaganda*, Melusina, Barcelona, 2008.

Carvalho Calero, Ricardo: *Obra literaria: poesía, teatro e narrativa*, Biblos, Edición realizada coa colaboración do Parlamento Galego e da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, A Coruña, 2021.

Deleuze, Gilles & Guattari, Félix: *Mille Plateaux. Capitalisme et Schizophrénie II*, Minuit, Paris, 1980.

Martínez Quintanar, Miguel Ángel: *Ciudadanías. Lecturas e meditacións de filosofía política*, Espiral Maior, A Coruña, 2019.

Soto, Luís G. & Roca, Tareixa: *Carvalho sempre. Alustres de vida e obra*, Espiral Maior, A Coruña, 2020.

